

# PREMIOS AFIPRODEL 2013

## FICHA DO PROXECTO

Datos de identificación do proxecto	
<b>MODALIDADE</b> <i>Marca só unha modalidade</i>	A. Proxectos/actuacións promovidos por administración públicas <input type="checkbox"/> B. Proxectos/actuacións promovidos por entidades privadas <input checked="" type="checkbox"/> C. Proxectos emprendedores/empresariais <input type="checkbox"/>
<b>NOME</b>	Aurora dos Camiños
<b>ENLACES</b>	<a href="https://www.facebook.com/auroradebuxan">https://www.facebook.com/auroradebuxan</a>
<b>CONCELLO</b>	Fisterra   <b>PROVINCIA</b> A Coruña
<b>ENTIDADE PROMOTORA</b>	Nome completo Aurora de Buxán S. Coop. Galega sen ánimo de lucro
	Contacto Marta Rey Iglesias
	Enderezo Rúa Nuestra Señora del Rosario, 5, 3º. 15001. A Coruña
	Tfno.: 609041590
	@ auroradebuxan@gmail.com
web <a href="http://www.auroradeloscaminos.org">http://www.auroradeloscaminos.org</a>	
<b>AEDL</b>	Nome e apelidos Osvaldo Santos Lobelos
	Entidade á que pertence Concello de Fisterra
	Concello Fisterra
	@ osvaldo.santos@fisterra.dicoruna.es
Papel no proxecto	Asesoramento e elaboración do plan de empresa.

## Descrición do proxecto

<b>PRESENTACIÓN</b>	<p>A finalidade do proxecto é a de conseguir estar realmente ben, non só conformes coa vida. Ter o básico garantido, por pura lóxica, para nós e para a contorna; así como velar por manter sempre as gañas de aportar ó común, de dar, conscientes de que disto depende tamén o propio benestar. No noso día a día tocamos áreas que pertencen a distintos sectores: agricultura, hospedaxe, hostalería, saúde, varias disciplinas artísticas...</p> <p>Destacan a cantidade de boas ideas e propostas que xorden dos foros de San Martiño de Ozón, Muxía, sede dun dos fogares da cooperativa, para animar nun sentido holístico o territorio da Costa da Morte, onde nos atopamos. Tempo haberá para poñelas en práctica.</p> <p>Pero o máis salientable do proxecto é que o están a levar a cabo, cada día, e conxuntamente, un bo número de seres humanos, que non só están convencidos de que as cousas están saíndo ben, senón que ata se atreven a por en práctica sen dubidalo, mais pese as dúbidas, a innovación que se propón en relación ó uso do diñeiro, explicada no apartado de estratexias.</p> <p>Empregamos as novas tecnoloxías da información para compartir documentos en formato dixital a través da nosa páxina web e, no noso afán de compartir, procuramos apostar polo software non privativo.</p>
<b>XUSTIFICACIÓN</b>	<p>O proxecto de Aurora dos Camiños, que xurdiu nunha aldea chamada Foncebadón situada na vía de peregrinación que leva a Santiago de Compostela e ó finis terrae galego, naceu como unha alianza para a realización dos propósitos persoais, e para contribuír a facer do mundo un lugar ideal para vivir, grazas á cooperación.</p>
<b>DESCRIPCIÓN</b>	<p>O obxecto social de Aurora dos Camiños é a prestación de traballo para a creación, xestión e mantemento dun ou varios fogares de acougo, aprendizaxe, ocio e convivencia en fraternidade; abertos ó disfrute e participación de todo ser humano; propoñendo neles a práctica dunha serie de actividades encamiñadas á sanación, ó ben común e á mellora da vida en xeral; imaxinando sen desánimo un novo tipo de sociedade que flúa do amor e da gratitude.</p>
<b>OBXECTIVOS</b>	<p>Xeral: propicia-lo entorno favorable para a práctica do aquí e agora, da sobriedade, da aceptación, do perdón, da honestidade, do compartir, dos hábitos saudables, da responsabilidade no consumo e da xustiza no comercio.</p>

---

Específicos:

- Desenvolvemento rural e económico da contorna nun ámbito de sustentabilidade e cooperación, propiciando as redes de axuda entre os veciños.
- Desfrute do ocio e do tempo libre en respecto coa contorna.
- Mellora, rehabilitación ou posta en marcha de bens de interese cultural, paisaxístico ou medioambiental da zona.
- Recuperación de oficios tradicionais.
- Recuperación e promoción do folclore e tradición, e outras prácticas musicais.

---

**ACTUACIÓNS**

- Aloxamento, asistencia e manutención das persoas que visiten as instalacións da cooperativa, dando prioridade ao peregrino.
- Rehabilitación do mosteiro de San Martiño de Ozón, en Muxía.
- Obradoiros de queixos, marmeladas, pan e outros artigos pasteiros.
- Elaboración e venda de produtos artesanais manufacturados.
- Celebración de talleres, xornadas, seminarios e congresos para compartir coñecementos.
- Prácticas de yoga, chi-kung, tai-chi, masaxe e meditación.
- Artes plásticas, escénicas, recreacións históricas e culturais.

---

**ESTRATEGIAS,  
METODOLOXÍAS**

- Innovación no uso do diñeiro: os prezos son suxeridos, o pago é libre, non medimos a equivalencia entre os intercambios e aceptamos o que a outra persoa pode, quere e está disposta a dar polo recibido.
- Participación nalgunhas das actividades que se desenvolven na contorna: por exemplo na parroquia de San Martiño de Ozón (en cuxo mosteiro convivimos) nos coros da Igrexa, ou participación nunha radio comunitaria de Muxía, etc.
- Accións de voluntariado: perante causas nobres que teñan lugar na nosa contorna, como no caso do incendio que tivo lugar no Monte Pindo.
- Busca de sinerxias con colectivos afíns: sirva como exemplo a contratación dun xerente ao que coñecemos no Proxecto Integral da Coruña (unha iniciativa autoxestionada de transición social).
- Ofrecemento das nosas instalacións para a realización de actividades de colectivos colaboradores: como ocorreu coa última asemblea que celebrou a Unión Galega de Cooperativas de Tráballo Asociado, nunha asemblea do Proxecto Integral da Coruña...
- Organización de eventos comunitarios: xantares populares, etc.

---

**RESULTADOS**

A nivel económico conseguimos manernos, o que consideramos un obxectivo en si mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro e dado o risco que supón a aposta polo prezo libre.

No que respecta ao número de persoas socias traballadoras duplicamos o número das mesmas desde o noso nacemento no ano 2011, pasando das 3 socias promotoras ás 6 socias traballadoras actuais.

Suliñamos a mellora do benestar das/os que traballamos e convivimos en San Martiño de Ozón. Por outra banda, o número de persoas colaboradoras, amigas ou que simplemente se achegan ó fogar de Ozón para participar dalgún xeito do proxecto se incrementa moderada e constantemente, aportando cando menos solidez. Conseguimos un alto número de satisfacción entre quen se pasan polo noso fogar, xa que son moitas as persoas que repiten a visita, así como aquelas que chegan recomendadas por familiares ou coñecidos/as.

As dinámicas de traballo das distintas actividades que realizamos cara fora non son establecidas pola cooperativa. No caso de actividades propostas por socios/colaboradores deixamos que sexan eles/as quen establezan a súa duración, horario e funcionamento (como é caso do ioga, do chi-kung...) e o mesmo ocorre no caso das actividades organizadas por colectivos simpatizantes, só lles pedimos que nos digan a data e o horario.

No que respecta a aquelas actividades enfocadas a reforza-la convivencia entre quenes viven habitualmente no noso fogar, a motivación que se respira é alta, e as dinámicas de traballo son moi interesantes e diversas, e van desde o círculo de palabra ata a facilitación, que segundo o Instituto de Facilitación y Cambio Europa (<http://www.facilitacion.org/que-es-la-facilitacion>) *é o conxunto de habilidades, técnicas e ferramentas para crear as condicións que permitan un desenvolvemento satisfactorio dos procesos grupais e persoais; tanto na consecución dos seus obxectivos e realización da súa visión, como na creación dun clima relacional onde reine a confianza e unha comunicación fluída, empática e honesta.*

---

<b>ELEMENTOS SALIENTABLES</b>	<p>É pronto para valorar o impacto nas condicións de vida da contorna pois só chegamos a San Martiño de Ozón un 31 de agosto de hai dous anos. Pero podemos dicir que as relacións coas veciñas e veciños, así como co concello de Muxía e o párroco é boa e de cooperación. Destacamos que actualmente, a parte do que nos ocupa a tarefa de buscar cómo imos rehabilitando o mosteiro de San Martiño, patrimonio de todos, estamos na fase de busca de documentación para montar unha recreación histórica, aberta e co-organizada con calqueira colectivo interesado, da zona da Costa de Morte, tendo como marco cronolóxico un o dous séculos antes da chegada dos monxes beneditinos á zona.</p> <p>Grazas á práctica da permacultura evitamos a polución que os cultivos doutro tipo poden ter sobre fincas adxacentes e integramos armónicamente a vivenda coa paisaxe, aforrando materiais e producindo menos desfeitos.</p> <p>A implicación de varios colectivos no noso proxecto é múltiple. Sirvan como exemplo as visitas do Coro Breogán da ONCE da Coruña.</p> <p>Entre as alianzas creadas destacamos a nosa colaboración coa Unión Galega de Cooperativas de Traballo Asociado, a contratación dun xerente ao que coñecemos grazas á nosa participación no Proxecto Integral da Coruña, a nosa cooperación co albergue de "Teresa y Roberto", de Figueiras de Arriba (Muxía), quen comparten uns principios similares aos nosos, etc.</p> <p>Temos unha persoa asalariada e, no que respecta ás persoas socias traballadoras, ademais de duplicar o seu número desde o noso nacemento, trátase de 5 mulleres e un home, sendo tres mulleres as que ostentan os cargos que obriga a lei no caso das cooperativas.</p>
<b>PERSPECTIVA DE FUTURO</b>	<p>Preferimos non pensar moito no futuro, aínda que cando o facemos vémonos ben, traballando, de xeito individual e colectivo. Non podemos imaxinar o futuro da cooperativa sen un novo fogar en Buxán, no concello de Fisterra, onde nos van ceder un terreo de case 4000 metros cadrados. Nel temos pensado construír as instalacións comúns proximamente para, posteriormente, mediante a autoconstrución ecolóxica, ir facendo pequenas vivendas que permitan ás persoas que participen do proxecto ter os seus espazos individuais.</p> <p>Imaxinamos, sen desánimo, un proxecto con dous fogares, viable economicamente, fiel aos seus principios, e que permita continuar xerando benestar á comunidade e ampliando o número de persoas que participen nel e del.</p>
<b>FINANCIACIÓN</b>	<p>Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia: 56.668 €:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Catro axudas dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo (24.000 € por contratación de mulleres en situación de desemprego e 11.560 € para adquisición de inmovilizado material e inmaterial no ano 2011, 2.750 € pola incorporación como socia da cooperativa dunha persoa desempregada e 6.786 € como axuda excepcional por lanzamento da actividade no ano 2012).</li> <li>- Unha axuda do programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais: 5.500 € ao mudar o contrato de traballo temporal a indefinido de dúas socias traballadoras.</li> <li>- Unha axuda do programa para o impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica: estimamos que será de 6.072,42€, a metade dos custos da contratación dun xerente, aínda non recibido.</li> </ul> <p>Fondos propios: 267.785 €  Ingresos por actividade: 13.764,59 € no 2012 e 18.038,76 € ata o 3º trimestre do 2013.</p>
<b>RECURSOS EMPREGADOS</b>	<p>Recursos humanos que participan actualmente no proxecto (lamentamos non poder incluír unha lista con tódalas persoas que teñen participado no proxecto):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Verónica López López;</li> <li>- Ali Mraihí Pla;</li> <li>- Óscar Guerra Muñoz;</li> <li>- Ricardo Raffa;</li> <li>- Andrei Innocenti;</li> <li>- Illargui Grillone;</li> <li>- Antón Souto Maqueda;</li> <li>- José Rubén Bessio Zinc;</li> <li>- Guillermo Tejera Da Costa;</li> <li>- Pablo Arturi Prieto;</li> <li>- Hugo Ruiz Trejo;</li> <li>- María Soraya Moret Llorens;</li> </ul>

- 
- Xallas Ruiz Moret;
  - María Loreto Cristóbal Torres;
  - Lucía Rey Iglesias;
  - M<sup>a</sup>del Carmen García Díaz;
  - Rosana Barral Probaos;
  - David Lorenzo García;
  - María Valbuena Gutiérrez;
  - Aquiles Fontecha Valbuena;
  - Valentina Sánchez Rey;
  - Marta Rey Iglesias;
  - Rubén Constenla Vilar;
  - Santiago Romero Pizarro.

No que respecta ás nosas instalacións, o noso fogar actual é un mosteiro do século XII xunto a unha casa rectoral en San Martiño de Ozón (Muxía), xunto con 9000 metros cadrados de terras fértiles, unha abundante reserva de auga de calidade superior, un vello muíño en ruínas, o quinto hórreo máis longo de Galicia e unha extensa arboreda.

---

#### OUTROS DATOS

Ademais dos datos da persoa de contacto indicados anteriormente, poden chamar ao teléfono fixo do noso fogar (981 75 07 07) e falar con varias das persoas participantes no proxecto co fin de contrastar ou ampliar a información recollida na presenta ficha.

---

#### ENLACES RELACIONADOS

Galería de imaxes de Flickr: <http://www.flickr.com/photos/111917003@N05/>  
Podcast coa nosa participación en Radio Neria 1: [http://www.ivoox.com/aurora-caminos-1-audios-mp3\\_rf\\_1509533\\_1.html](http://www.ivoox.com/aurora-caminos-1-audios-mp3_rf_1509533_1.html)  
Podcast coa nosa participación en Radio Neria 2: [www.ivoox.com/aurora-caminos-2-audios-mp3\\_rf\\_1531365\\_1.html](http://www.ivoox.com/aurora-caminos-2-audios-mp3_rf_1531365_1.html)  
Podcast coa nosa participación en Radio Neria 3: [http://www.ivoox.com/auroradeloscaminos5-audios-mp3\\_rf\\_1569884\\_1.html](http://www.ivoox.com/auroradeloscaminos5-audios-mp3_rf_1569884_1.html)  
Vídeo da nosa participación nunha charla-debate sobre proxectos cooperativos organizada polo 15M de Monte Alto, na Coruña: <http://www.youtube.com/watch?v=dUuBZ9gtMZs>

---